

# Emisión da tarxeta universitaria (TUI)

Se  
arch

<- Volver

## INCIDENCIAS E SOLICITUDES

Problemas de instalación ou acceso na app UDC.gal (Tarxeta virtual)

Activación da TUI na app UDC.gal (Tarxeta virtual)

Tras acceder na app UDC.gal, erro ao premer en 'Tarjeta virtual':

## ALTAS E RENOVACIÓN

Onde conseguila?

## GUÍAS COMERCIAIS

Descontos na Coruña e Ferrol

Se o seu  
teléfono é  
Android,  
borre os  
datos da  
aplicación:  
'Configuraci  
ón' -  
'Aplicacione  
s' - UDC.gal:  
- Premer  
'Detener'  
-  
'Almacenam  
iento':  
Premer  
'Borrar  
datos'.  
Inicia de  
novo a  
aplicación

Informar sobre  
outro tipo de  
incidencia da TUI

## CONDICIÓNS DO SERVIZO

## DESCRIPCIÓN DO SERVIZO

A *emisión da tarxeta universitaria (TUI)* é o proceso mediante o que os membros da comunidade universitaria poden obter a súa tarxeta acreditativa.

A tarxeta universitaria é a credencial que permite a identificación de todos os membros integrantes da comunidade universitaria, brinda acceso a múltiples servizos tecnolóxicos e constitúe un avanzado sistema de información, xestión, acreditación, empréstito bibliotecario, acceso a recintos...

En caso de extinción ou suspensión da vinculación entre o usuario/a da tarxeta e a UDC, pérdese o dereito ao seu uso.

## QUE NON INCLÚE ESTE SERVIZO

A emisión da [tarxeta bibliotecaria para usuarios externos non pertencentes á comunidade universitaria](#).

A emisión de tarxetas de acceso a actividades deportivas, recintos ou aparcadoiros para usuarios non pertencentes á comunidade universidade.

## QUEN PODE FACER USO DESTE SERVIZO

Persoal docente e investigador da UDC.

Estudantes de grao, máster universitario, doutoramento, estudos propios e universidade sénior matriculados na UDC que teñan pagada a cota correspondente á tarxeta universitaria para o presente curso académico.

Persoal de administración e servizos da UDC.

Persoal da UDC contratado con cargo a fondos orzamentarios do Capítulo VI.

## PROCEDIMENTO DE EMISIÓN DA TARXETA UNIVERSITARIA (TUI)

Para obter a TUI terás que descargar a app da UDC no teu móbil ([Android](#) - [Iphone](#)) e disporás dela ao instante.

Se nunca tiveches tarxeta (ou desexas actualizar a fotografía) terás que acudir a calquera dos puntos de emisión habilitados, despois de facer a matrícula/contrato ou cando empeces o curso, levando tan só o documento acreditativo (dni, pasaporte etc.) co que estás matriculado /contratado; alí realizaranche a foto que aparecerá despois na tarxeta e tamén terás que escoller o pin co que te identificarás nos diversos servizos da UDC (biblioteca, control de accesos etc.)

Máis información na pestana [Onde conseguila?](#)

## CONDICIÓNS DE USO

A tarxeta universitaria é a credencial que permite a identificación de todos os membros integrantes da comunidade universitaria, brinda acceso a múltiples servizos tecnolóxicos e constitúe un avanzado sistema de información, xestión e acreditación.

A tarxeta universitaria é unha tarxeta persoal e intransferible. A persoa titular é responsable dos actos administrativos que fosen validados e autenticados coa tarxeta que o identifica. Se es estudante, para ter dereito a ela é necesario estar **matriculado na UDC e pagar a cota anual correspondente**.

En caso de extinción ou suspensión da vinculación entre o usuario/a da tarxeta e a UDC, pérdese o dereito ao seu uso.

Co obxectivo de reducir a pegada ecolóxica provocada polo uso excesivo do plástico, a UDC convertiu a tarxeta universitaria a un formato dixital dispoñible a través de UDC.gal, a app oficial da Universidade da Coruña.

Se xa tiveches tarxeta física bastará con que descargues a app da UDC no teu móbil (Android - Iphone) e disporás dela ao instante.

Se nunca tiveches tarxeta (ou desexas actualizar a fotografía) terás que acudir a calquera dos puntos de emisión habilitados, despois de facer a matrícula/contrato ou cando empeces o curso, levando tan só o documento acreditativo (dni, pasaporte etc.) co que estás matriculado/contratado; alí realizaránche a foto que aparecerá despois na tarxeta e tamén terás que escoller o pin co que te identificarás nos diversos servizos da UDC (biblioteca, control de accesos etc.)

*Nota sobre tarxetas de plástico: Unicamente poden seguir obtendo a tarxeta de plástico aqueles usuarios que necesiten soporte a tarxeta criptográfica para firma electrónica, controis de acceso baseados en tarxeta de proximidade ou que non dispoñan dun teléfono compatible coa nova tarxeta de identificación.*

## **PUNTOS FIXOS DE EMISIÓN**

### **A Coruña**

Campus de Elviña. Oficina de campus do Banco Santander. Pavillón de Estudantes  
Teléfono: 981 296 387

### **Ferrol**

Oficina do Banco Santander. Calle Real 2, Ferrol  
Teléfono: 981 370 512

## **HORARIO**

Martes e xoves de 9:00 h a 13:00 h e de 16:00 h a 17:00 h

## **CADUCIDADE**

As tarxetas de plástico que non teñen conta asociada seguen estando operativas pese a que xa finalizara a data de caducidade, pero recorda que podes empregar a tarxeta virtual dispoñible na app da UDC.

## Notas:

- Se xa non tes vinculación coa universidade e queres unha tarxeta para acceder ao préstamo de libros na biblioteca como usuario externo, consulta esta ligazón
- Se no punto de emision non puidiches obter a tarxeta por algún destes erros debes facer o seguinte:
  - *ERROR-02* (o usuario non ten dereito a tarxeta) contacta coa administración do teu centro (estudante) ou coa unidade organizativa que che realizou o contrato (persoal da UDC) para que che revisen a matrícula ou o contrato.
  - *ERROR-00, ERROR-01, ERROR-03* abre unha incidencia (**Informar sobre unha incidencia da TUI**) reportando o erro.

## CONDICIÓN DE USO

- 15 de xullo de 2015: emisión directa nos puntos de emisión.
- 1 de outubro de 2019: cambio no horario de emisión das tarxetas
- 30 de xuño de 2020: cambio a tarxeta virtual

### FAQ - Preguntas frecuentes

Page:Onde conseguila?

Page:FAQ Tarxeta universitaria (TUI)

Data actualización : 30 Jun 2020

Servizo : Emisión da tarxeta universitaria (TUI)

Grupo : Software e aplicacións

Clase : SERVICIOS ENTREGADOS, SERVICIOS DE ACCESO, **APLICACIONES**